



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO CONDUCENTE Á OBTENCIÓN DE RESOLUCIÓN/ACORDO DE DECLARACIÓN DE APLICACIÓN DO RÉXIME DE SITUACIÓN DE FÓRA DE ORDENACIÓN PREVISTO NA DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA DA LEI 2/2010, DE 25 DE MARZO, DE MEDIDAS URXENTES DE MODIFICACIÓN DA LEI 9/2002 DE 30 DE DECEMBRO**

**ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei reguladora das facendas Locais, o Concello de Baiona establece a Taxa por tramitación de expediente conducente á expedición da resolución/acordo administrativo de declaración de aplicación do réxime de situación de fóra de ordenación dos actos de uso do solo, en particular das obras, instalacións, construcións e edificacións realizadas sen licenza ou sen autorización autonómica preceptiva, existentes con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2003, e respecto das cales no momento de entrada en vigor da Lei 2/2010 transcorre o prazo legalmente establecido no artigo 210.2 da Lei 9/2002, sen que a administración adoptase ningunha medida dirixida á restauración da legalidade urbanística ou ambiental.

**ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se os actos de uso do solo, en particular das obras, instalacións, construcións e edificacións realizadas con infracción da normativa urbanística a que se refire a Disposición Transitoria Terceira da Lei 2/2010 axústanse ás disposicións normativas de aplicación a efectos de declaración de aplicación do réxime previsto para a situación de fóra de ordenación.

**ARTIGO 3.- SUXEITO PASIVO**

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria, que sendo propietarios das obras, edificacións ou instalacións a que se refire o artigo primeiro soliciten da Administración municipal a tramitación de expediente administrativo co obxecto de obter resolución/acordo de declaración de aplicación ao inmovible afectado do réxime correspondente á situación de fóra de ordenación.

**ARTIGO 4.- RESPONSABLES**

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.



**EXCMO. CONCELLO**

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

2. Serán responsables subsidiarios da débeda tributaria as persoas ou entidades sinaladas no artigo 43 da Lei Xeral Tributaria nos supostos e co alcance sinalado no mesmo.

### **ARTIGO 5.- COTA TRIBUTARIA**

A cota tributaria correspondente á tramitación do expediente administrativo será de **8 euros** por cada metro cadrado de superficie edificable

### **ARTIGO 6.- EXENCIONS, BONIFICACIONES E DEDUCCIONES DE COTA**

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da Taxa que non veña establecida en tratados ou acordos internacionais ou normas con rango de lei.

### **ARTIGO 7.- DEVENGO**

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír unha vez se dite a resolución administrativa de declaración de aplicación ao inmovible afectado do réxime correspondente á situación de fóra de ordenación. Ditada a devandita resolución practicarase a liquidación correspondente polo concello, que será notificada o suxeito pasivo, aos efectos do seu ingreso nos prazos previstos no artigo 62.2 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria

### **ARTIGO 8.- LIQUIDACIÓN E INGRESO**

A Administración municipal, unha vez realizadas as actuacións motivadas polos servizos urbanísticos prestados, tras a comprobación destes practicará as correspondentes liquidacións esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade diferencial que resulte.

### **Artigo 9.- INFRACCIONES E SANCIONES**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza, entrará en vigor ao día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa, e será de aplicación a todas aquelas solicitudes presentadas antes do 20 de abril de 2012, de conformidade co sinalado na Disposición Transitoria Terceira da Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002 de 30 de decembro